

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº11 / Ano: 2020 / 1º xornal Mes de agosto / Estado de moito sentidiño


ONS ARQUEOLÓXICA

A salga romana de Canexol

Seguimos analizando a importancia histórico-arqueolóxica da Illa de Ons. Despois de tocar a laxe do Crego e o Castro dos Mouros, imos coñecer outro importante xacemento autóctono de Ons: a Salga Romana de Canexol.

Esta explotación pesqueira e quizais cun hábitat próximo, está en perigo. Atópase nun cantil sobre a praia de Canexol onde as mareas poden chegar con facilidade un día de temporal ou forte marusía. Sobre el discorre o camiño de rodeiras que vai ao barrio de Pereiró e está moi transitado por tractores e ten perigo de desprendementos. É por iso que necesita unha rápida intervención, por parte da Administración.

Páx. 1



ONS NA MEMORIA

Achado dunha antiga áncora preto do Faro de Camouco e depositada a carón da Praia de Melide. Foi recuperada no ano 1985 e depositada na Illa. Hoxe adorna o Campamento de Pereiró. *Foto do campamento onde se atopa agora, visiblemente moi deteriorada.*

Páx. 2



NAUFRAXIO DO MARTUXA

O xornal “El Pueblo Gallego” infórmanos dun naufraxio acaecido na Illa de Ons no ano 1940 e que deu pé ao xurdir de varios topónimos novos na zona do accidente.

Páx. 2

ENCALLA UN BARCO DE RECREO EN MELIDE

Por mor dunha avaría, a finais do mes de xullo, un barco de recreo ten que encallar en Melide polo perigo de afundimento. Dous días despois, un barco de recreo, coidamos que de aluguer, debido a unha indisposición do patrón cando se atopaba fondeado en Ons, ten que pedir a presenza do barco de salvamento.

Páx. 2



CHIRINGO DE AREA DOS CANS

Seguen as mostras de apoio de veciños e amigos pola inxustificada retirada do Chiringo de Area dos Cans.

O último domingo de xullo reuníronse no lugar onde estaba radicado máis de 100 persoas en sinal de protesta.

Páx. 3



CONTOS DE TABERNA

A Chalana de Manolo da Illa

Outro deses típicos contos de taberna que nos mantén intrigados ata o final, e que moitas veces, ata son verdade.

Foto: Peirao e fondeo cheo de barcos illáns.

Páx. 3



ONS ARQUEOLÓXICA

POSIBLE SALGADURA ROMANA NA PRAIA DE CANEXOL

Outro xacemento importante é un posible asentamento romano con salga que xa fora nomeada por Fernando Alonso Romero no ano 1978 e despois estudada por Fernando Acuña Castroviejo no ano 2002. Precisamente neste ano 2002, debido ao desastre do Prestige, queda ao descuberto o xacemento, coas posibles cubas de salga, ao facerse ao seu carón unha pequena pista de subida-baixada para os voluntarios que sacaban o chapapote da praia e, aínda que foi manipulado e utilizadas algunhas das pedras que formaban as cubas (quizais por ignorancia da súa importancia), o certo é que non sufriu moito dano, pero necesitando axuda axiña.

No ano 2018 a arqueóloga Paula Ballesteros Arias realiza un traballo de catalogación e estudo deste xacemento aportando os datos suficientes para que a administración tomara cartas no asunto. Hai que ter ademais en conta, que se atopa nunha zona de posibles desprendementos de terra (xa os vimos en Onstopus nº ..), moi preto do mar polo que as fortes marusías invernais poden danalo seriamente e co tráfico rodado de tractores e coches todoterreo que pasan polo camiño que está xusto enriba del.

Este xacemento debería estar moi ligado ao Castro dos Mouros que se atopa a escasos 100 metros del e tería unha grande importancia ao atoparse en zona de pesca abundante, auga doce moi preto, praia de doado acceso e abrigada,..., e man de obra no castro.

Hoxe a vexetación tápao de novo, o que pode ser interesante para que ninguén ande nel e para suxeitar o terreo onde se atopa, pero coido que o máis importante, a carón do xa traballado por Paula Ballesteros, é que especialistas arqueólogos, ao igual que no Castro dos Mouros, o estuden, miren as posibilidades de traballar sobre el, fagan as prospeccións iniciais para coñecer mellor o xacemento, vexan as posibilidades de escavación técnica,...

Pero dende logo, e iso si o debe facer a administración con urxencia, é protexelo dos posibles derrubes, das accións meteorolóxicas e das mariñas (fortes temporais e marusías) para evitar a súa destrución ou esnaquizamento.

A proposta é que Parques, con axuda técnica especializada, tome as medidas adecuadas para evitar o seu deterioro, desmoronamento ou, o que sería máis grave, perda deste interesante vestixio romano.

Fotos Salga Canexol

Arriba e no medio: Restos no ano 2008

Abaixo esquerda: Restos cerámica romana. 2008

Abaixo dereita: Restos no ano 2018





ONS NA MEMORIA

A principios dos anos 80 s.XX faenaban preto da Illa de Ons un bo número de barcos de arrastre e outros con rastros de tracción mecánica. Sen entrar na polémica de si eran bos ou malos para os fondos mariños, o certo é que, nas súas manobras, pescaban todo tipo de vida que se atopaba nos fondos mariños e con ela tamén viña o que, por diferentes motivos, se encontraban nos fondos.

Nunha desas ocasións, moi preto do Faro de Zamouco, alzaron esta enorme áncoa que, despois de subila a bordo, decidiron devolvela ao mar por se acaso lles podía traer problemas ao estar faenando con artes prohibidas.

Como puideron, baleiraron o cope co material, marisco e peixe, que traía e a áncoa decidiron tirala preto da orella, a poucos metros da praia de Melide. Aínda que non deberían dicir nada, os mariñeiros contaron o achado nun dos bares da Illa e, despois de escoitar a historia, decidín mergullar na zona onde, comentaban, soltárona, tendo a boa sorte de atopala. Quedei abraiado: era grande e parecía interesante. Gardei o segredo ata que, no ano 1985, uns mergulladores e biólogos do Centro de Investigacións Submarinas, CSI, dirixidos por Carlos Durán Neira e Rosina Castroviejo, viñeron a facer un estudo á Illa. Comenteilles o da áncoa e leveinos ao sitio. Aínda que pasaran uns anos e eu aquel día non me mergullara, deron con ela con facilidade. Uns días despois decidiron sacala do fondo e, coa axuda do guindastre do “Novo Sardiña” de Arturo Reiriz, subiuse ao barco e foi levada a terra depositándoa ao pé do hoxe restaurante “Pirata”. (na foto)

Cando se ía a buscar unha radicación, o axudante de mariña de Bueu, que por aquel entón estaba de vacacións na Illa, con pistola e metralleta ao lombo, ordenou que non se tocara e que quedara no sitio onde fora depositada, e así foi, ata que, xa noutro destino ese Axudante, decidiron poñela no Campamento adornando o centro onde se atopan as tendas de campaña dos rapaces.

Unha pena que non se fixera un estudo sobre ela para coñecer data e posible orixe.

BARCO DE RECREO ENCALLADO EN MELIDE

A finais do mes de xullo, un barco de recreo veuse na obriga de encallar na Praia de Melide debido a unha avaría, posiblemente unha vía de auga. Parece que foi arranxado ou buscada unha solución puntual na propia Praia, polo menos co fin de poder chegar ao náutico de procedencia, para unha mellor visualización do problema e o seu arranxo.

Tamén, un día despois, tivo que achegarse a Ons o barco Salvamar para facerse cargo dos ocupantes doutro iate de recreo que, ao sentirse mal o patrón e ter que evacualo, non había ninguén coa titulación e coñecementos para levar o barco a porto.



EL PUEBLO GALLEGO 2 / novembro / 1940

LOS TEMPORALES EN EL MAR

Naufragio de un pesquero vigués

UN TRIPULANTE MUERTO

En la noche del jueves al viernes, cuando se hallaba realizando las faenas de pesca la motora de esta matrícula “Maritusa” en el sitio denominado Monte Celo, a la altura de la Isla de Ons, un fuerte golpe de mar abatido contra la embarcación citada la hizo zozobrar, hundiéndose seguidamente.

La tripulación pudo ser salvada, menos el contramaestre, que pereció ahogado.

La víctima era tío de uno de los que perecieron en el siniestro del petrolero inglés “Telema”, estaba casado y deja viuda y seis hijos.

NAUFRAXIO DO MARTUXA

O 2 de novembro de 1940 naufraga na Illa de Ons o pesqueiro <Martuxa> debido a un golpe de mar, perecendo un dos seus tripulantes.

Un naufraxio máis dos acontecidos nesta Illa e que son pouco coñecidos.

O que si deu pé a aparición de varios topónimos novos: “Onde foi o Martuxa”, “Rego do Martuxa” e “Onde apareceron os homes”, este último referíndose aos homes que lograron salvarse e que estaban nunha zona do cantil preto a onde tivo lugar o sinistro, á espera de ser rescatados.



FERMOSO ROBALO

Alvarito, magnífico pescador, fíxose cun bo exemplar de robalo para o que necesitou, aparte de moita sorte, axuda case que divina.

CONTOS DE TABERNA

“A chalana de Manolo da Illa”

Estaban sentados na mesa da partida, cando entrou o que se coñece como “rapaz de a bordo”, mozo que está a aprender o oficio de mariñeiro e que está enrolado nun barco de pesca só polo quiñón ata que aprenda o oficio.

Daquela, nas augas de Ons, faenaban moitos barcos de diferentes procedencias e, tanto de día como pola noite, achegábanse, entre lance e lance, ata o peirao e ían tomar algo aos bares da Illa. Uns amarraban ao peirao abarloados e outros fondeaban, achegándose nas súas chalanas levando uns aos outros se non tiñan.

Aquela noite, a tripulación dun dos barcos, que andaba ao palangre, quedou máis tempo que de costume en terra e, cando quixeron ir a bordo, xa todos os barcos marcharan. Foi nese intre cando o patrón mandou ao rapaz ao bar co fin de preguntar de quen era e pedirlle a chalana que estaba varada na praia para achegarse ao barco. Manolo da Illa, dono da chalana, xa estaba de volta deses choios, pois non era a primeira vez que lla pedían e despois nunca lla deixaban no sitio e ata unha vez, marcharon e deixáronlla fondeada amarrada a unha boia, motivos polos que non estaba disposto a deixarlle a ninguén e menos se era descoñecido.

Cando entrou o rapaz, preguntou de quen era a chalana que estaba varada na praia. Manolo díxolle que era súa e entón, dirixíndose a el, explicoulle que o barco onde traballaba quedara fondeado, que marcharan todas as demais embarcacións e que non tiñan que os levara a bordo a coller o barco.

Manolo, como non coñecía o barco ni ao patrón, díxolle que non, que a chalana xa traballara moito ese día e que necesitaba descansar. O rapaz, un pouco amolado por non conseguir o que lle pedira o seu patrón, deu a volta e, cando xa ía a saír pola porta do bar, Manolo da Illa chamou por el e díxolle:

- Mira, por certo, dille ao teu patrón que o meu cu non é nin un estaleiro nin un varadoiro.

O rapaz, sen entender nada, marchou e, os que estaban con Manolo na mesa da partida, preguntáronlle:

- Manolo, como lle dixeches iso ao rapaz?

Manolo mirando para eles e movendo a cabeza de arriba abaixo, espetoulles:

- Porque xa sei o que lle vai dicir o patrón: **<Pois que a meta no cu!!!>**



CHIRINGUITO DE AREA DOS CANS

Continúan as protestas polo improcedente e autoritario proceder da Administración ao mandar retirar o chiringo que, cunha historia de 31 anos acumulada e despois dun enorme esforzo económico na súa mellora, con consentimento da propia Administración, agora mándanllelo retirar despois de 4 anos cumprindo un labor ecolóxico sen igual e dando un servizo de latrinas que Parques non dá en toda a Illa. Un increíble despropósito contra dúas mozas que, repito, só querían TRABALLAR e que naceron e se criaron arredor dese Chiringo.

Nin unha soa pega lles pode poñer a Administración, pois cumprían con toda a normativa que lles esixían dende Parques, nada ilegal fixeron, só cumprir as regras que lle demandaban as persoas que xestionan o Parque.

Os veciños e amigos reuníronse o pasado domingo 26 de xullo para protestar por esta INXUSTIZA.



Foto esquerda: Veciños colocando fotos de recordo dos bos momentos vividos no chiringo.

Foto dereita: Manifestación de apoio de veciños e amigos no lugar onde estaba o chiringo.